



Concello de Baiona

Expediente núm.: 1145/2020

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN AXENTE DO APARCADOIRO DO ARAL POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS

1º.- Obxecto : O obxecto das presentes bases é a contratación laboral temporal dun axente do aparcadoiro do Aral, por acumulación de tarefas, como consecuencia da apertura do aparcadoiro as 24 horas e a cobertura do servizo por mor da substitución polas vacacións dos traballadores do servizo dende a fomalización do contrato por un tempo de seis meses".

As súas funcións, de conformidade co convenio colectivo de aplicación, aprobado por Resolución do 15 de marzo de 2011, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do V convenio colectivo de ámbito autonómico para o sector de aparcadoiros, garaxes e estacionamentos regulados de superficie, son:

- A recolla, valoración e cobramento de tiques, a verificación e o control de caixa, a práctica de liquidacións e cadres de diñeiro, a entrega, custodia e ingreso das recadacións e efectos de todo tipo, a venda de produtos ou servizos da empresa e o cobramento de recibos.
- O control de accesos ao centro de traballo ou establecemento, a atención de todas as instalacións deste e o seu mantemento en perfecto estado de utilización para o público, efectuando a limpeza, a posta en marcha ou peche de motores, cadros eléctricos, instalacións de iluminación, ascensores, caixeiros e demais aparellos mecánicos ou electrónicos, así como o seu mantemento primario.
- A atención aos clientes do establecemento que pidan información, en relación cos servizos ou produtos que teña a empresa ao dispor do público en xeral e informará das súas condicións e prezos, tomará nota das encargas e trasladaráas ao seu superior xerárquico.

Para todo isto, utilizará as ferramentas, maquinaria, ordenadores e demais aparellos ou instalacións que a empresa poña ao seu dispor e controlará e supervisará a realización das funcións ou tarefas que a empresa decida contratar externamente.

2º.- Tipo de contrato.- Eventual, por circunstancias da produción, ante o incremento do servizo derivado da apertura do aparcadoiro as 24 horas no período estival, e a substitución de vacacións segundo o establecido no artigo 15.1 b) do Estatuto dos Traballadores.



Concello de Baiona

3º.- Duración do contrato: 6 meses.

4º.- Xornada de traballo.- 40 horas semanais, segundo o artigo 40 do convenio colectivo de aplicación, de luns a domingos, co disfrute dos descansos legalmente establecidos, en quendas de mañá, tarde ou noite, segundo o réxime de apertura á rotación do aparcadoiro, do seguinte xeito:

- **Dende a formalización do contrato ata o 15 de setembro:** período de apertura 24 horas: quendas de 07:00 a 15:00, e 15:00 a 23:00 e 23:00 a 07:00 horas
- **Resto do ano:** período de apertura 07-23:00 horas, quendas de 07:00 a 15:00 e 15:00 a 23:00 horas

5º.-Requisitos dos/as aspirantes.- Para tomar parte na selección será preciso cumprir os requisitos seguintes na data de remate do prazo concedido para a presentación de instancias:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

Poden acceder ao emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.



Concello de Baiona

- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo ao que se opta.

- d) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

- e) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

6º -Trámite: As persoas interesadas presentarán instancia dirixida o Sr. Alcalde, que se facilitará no rexistro xeral do Concello de Baiona no prazo de **10 días naturais** contados a partir do día seguinte á publicación dun extracto do anuncio no BOP de Pontevedra. O anuncio será publicado igualmente nun diario de maior difusión, taboleiro de edictos do Concello e páxina web, e na sede electrónica

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do Concello, ou nas formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas.

Rúa Lorenzo de la Carrera, 17 36300 Baiona (Pontevedra) Telf.: 986 385 050 Fax: 986 357 474
www.baiona.org



Concello de Baiona

A Solicitud se realizará, no modelo xeral do Concello que figura como ANEXO ás presentes bases e deberá ir acompañada por:

- Copia compulsada do DNI
- Declaración xurada de cumprir os requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade previstas na lexislación vixente.
- Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados (compulsados).

7º.- Procedemento de selección.- O Tribunal avaliará a documentación presentada de acordo co baremo de méritos que figura nas bases da convocatoria, a partir do día seguinte hábil ó da publicación no Taboleiro de anuncios electrónico e páxina web da lista definitiva de aspirantes. Concederá un prazo de tres días hábiles para emendar os defectos subsanables no caso de que o/a aspirante resulte excluído/a.

Finalizado o prazo fixado para presentar as solicitudes, o Alcalde ditara resolución, no prazo máximo de cinco días, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, que se publicará na páxina web do Concello (www.baiona.org) e no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica, e sinalárase un prazo de tres días hábiles para a emenda.

Na mesma Resolución pola que se aprobe a listaxe de persoas aspirantes admitidos e excluídos e se faga pública a constitución do Tribunal Cualificador, sinalárase o lugar, data e hora para o inicio do proceso selectivo.

Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, a través de publicacións nos lugares sinalados no parágrafo anterior.

8.- Fase de oposición: ata un máximo de 18 puntos. Consistirá na realización de tres probas:

a) Teórica.- Consistirá en contestar por escrito, no tempo máximo dunha hora, de preguntas, relacionadas co temario que figura no Anexo destas Bases, e consistente en cálculos aritméticos, e coñecementos básicos sobre o termo municipal de Baiona. A puntuación máxima desta proba será de 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para poder superala.

b) Práctica.- Para aqueles aspirantes que haxan superado a proba teórica,



Concello de Baiona

realizarase ao día seguinte a proba práctica, e versará sobre os coñecemento básicos de electricidade, para o mantemento das instalacións do aparcadoiro. O prazo para a realización da proba será fixado polo Tribunal antes da súa realización. Terá unha valoración de **8 puntos como máximo**, sendo necesario obter un mínimo de 4 puntos para poder superala.

Os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e, no seu caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e de medios para realizar os exercicios nos que a adaptación fose necesaria. Asemade os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán acreditarlo mediante certificado expedido polos órganos competentes e no que se acredite a compatibilidade do grao de discapacidade co posto de traballo ó que solicita concorrer. Na solicitude o interesado deberá reflectir as necesidades específicas que teña para acceder ó proceso selectivo en igualdade de condicións que o resto dos/as aspirantes solicitando, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios para realizar os exercicios nos que a adaptación fose necesaria de conformidade coa Orden PRE/1822/2006, do 9 de xuño.

c) Exame de galego.

Consistirá na tradución directa do Castelán o galego dun texto proposto polo tribunal cualificador sen axuda de dicionario. Esta proba ten unha duración máxima de 30 minutos e os aspirantes serán cualificados como apto ou non apto. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

Non obstante consonte o establecido no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño estarán exentos da realización dunha proba específica de galego os aspirantes que acrediten posuir no día da finalización do prazo de presentación das instancias o CELGA 1 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

9.- Fase de concurso: Baremo de méritos: Ata un máximo de 2 puntos O Tribunal procederá a avaliar, os méritos dos aspirantes que superaron o proba práctica da fase de oposición conforme ó seguinte baremo,:

- a) Experiencia profesional (ata un máximo de 1 puntos)** Por ter desenvolvido na administración pública ou privada, tarefas relacionadas correspondentes ás labores dos Grupos de cotización 7 a 10, ou, no caso de funcionarios, equivalente as agrupacións profesionais, e do Grupo C2: **0,10 puntos/mes**. Deberá acreditarse mediante certificado de prestación de servizos emitido polo órgano



Concello de Baiona

competente da Administración, ou vida laboral expedida pola tesourería Xeral da Seguridade Social xunto co contrato de traballo inscrito no INEM ou nóminas.

b) Formación: (Ata un máximo de 1 puntos) Por participación en cursos impartidos polo Instituto Nacional de Administración Pública, Escola Galega de Administración Pública ou calquera outro organismo oficial autorizado para impartilos, relacionados coas funcións propias do posto ó que se aspira, dependendo do número de horas:

- De 0 a 20 horas: 0'20 por curso.
- De 21 a 50 horas: 0'40 por curso.
- De 51 a 100 horas; 0'70 por curso.
- Máis de 101 horas: 0'80 por curso.

Non se valorarán a asistencia a xornadas nin congresos nin cursos nos que non se reflectan as horas de duración. Respecto os cursos de informática soamente teranse en conta os realizados con posterioridade o ano 2005

En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición. A suma total dos méritos da fase de concurso non suporá máis do 40% do total do proceso selectivo.

10.- Tribunal Cualificador .-

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que no cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A composición do Tribunal será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír



Concello de Baiona

titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas; e estará constituído por:

- 1) Presidente:** Un funcionario ou persoal laboral fixo dunha administración.
- 2) Secretario:** Un funcionario da Corporación, que actuará con voz e sen voto.
- 3) Tres Vogais:** Entre funcionarios ou persoal laboral fixo dunha administración.

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quen se limitarán ó exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó señor alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/15, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando conorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido na Lei 40/2015

O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o presidente para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partir da sesión de constitución cada tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do sector público.

11.- Condicións Económicas: As retribucións serán as fixadas no convenio colectivo e que de seguido sinalanse, correspondentes a retribucións mensuais brutas:

- Salario base: 726,96 €/mes



Concello de Baiona

- Plus de convenio: 181,97 €/mes
- Plus de transporte: 71,99 €/mes, excepto en vacacións
- Plus de quebranto de moneda: 3,62 €/mes
- Plus de nocturnidade, para os traballadores que realizan xornada nocturna: 1,21 €/hora nocturna
- Plus de festividade, cando proceda: 13,80 €/día festivo
- Plus de presenza: 2,65 €/día de presenza efectiva

Asemade, de conformidade con convenio colectivo, procede o abono de tres pagas extraordinarias ao ano, polo importe de salario base máis plus de convenio

12-.CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

Á cualificación obtida polos/as aspirantes na oposición, resultante da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios, engadirase á puntuación obtida na fase de concurso, acadándose así a puntuación final.

O Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de persoas aspirantes superior ao das prazas convocadas.

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio, si persiste o empate, tendo en conta a maior puntuación obtida no segundo exercicio, e por último na puntuación obtida na fase de concurso, ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverá por sorteo.

13.Formalización do contrato:

Rematadas as probas o Tribunal aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación total, logo do concurso e proceso selectivo, propoñendo ó Sr. Alcalde para a súa contratación a persoa que encabece a devandita lista, e procederá posteriormente a sinatura do contrato laboral correspondente.

12 Reclamacións e recursos.-

As aclaracións e/ou revisións das cualificacións outorgadas polo Tribunal cualificador se solicitarán por escrito ó mesmo. As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social. Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Rúa Lorenzo de la Carrera, 17 36300 Baiona (Pontevedra) Telf.: 986 385 050 Fax: 986 357 474

www.baiona.org



Concello de Baiona

Contencioso-Administrativo ou, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

13 Réxime Xurídico

O réxime xurídico destas Bases será o contido na LRBRL (art 91.2, e art. 103) LMRFP (art 19.1) TRRL (art 177) Lei 5/1997 de 22 de xuño de administración local de Galicia (arts 231 a 250) no artigos 60 e 61 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 27,49 a 59, o 63 e o 205 da Lei 2/2015 de Emprego público de Galicia o TRET, o Real Decreto Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local

ANEXO: TEMARIO

- Tema 1.-A Constitución Española de 1978: estrutura. Dereitos e deberes fundamentais.
- Tema 2.- A Organización territorial do Estado. As comunidades autónomas. As administracións locais.
- Tema 3.-O municipio. Organización municipal e competencias.
- Tema 4.-O estatuto básico do empregado publico. Persoal ao servizo das entidades locais. Dereitos e deberes.
- Tema 5.- O procedemento administrativo: principios informadores. Os interesados. As fases do procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación.
- Tema 6.- Breve descrición do termo municipal de Baiona, parroquias de Baiona.
- Tema 7.- Rueiro de Baiona: principais rúas e puntos de interese
- Tema 8.- Manexo sinxelo de máquinas, operacións de cálculo aritmético
- Tema 9.- Subministro de material eléctrico nas instalacións, conexións, iluminación.
- Tema 10.- Ordenanza reguladora do prezo público polo servizo de aparcamento no parking aral.

O Alcalde, Carlos Gómez Prado.

Baiona na data que figura ao marxe deste documento asinado electronicamente.



Concello de Baiona

INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR UN POSTO DUN AXENTE DO APARCADOIRO DO ARAL POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS

NOME E APELIDOS _____

DNI _____ E-MAIL _____

ENDEREZO:

Rúa, número, piso, porta _____

Localidade _____ Municipio _____

TELÉFONO FIXO _____ TELÉFONO MÓVIL _____

Por medio do presente declara que reúne todos os requisitos esixidos na convocatoria e non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que se fose separado ou inhabilitado, polo que solicita ser admitido/a no correspondente proceso selectivo.

Baiona, a de de 2019

Asdo.-

DOCUMENTACION A PRESENTAR XUNTO A PRESENTE SOLICITUDE

1. A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.
2. Fotocopia compulsada do D.N.I..
3. Documentación acreditativa dos méritos alegados en sobre pechado

ILMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BAIONA

Rúa Lorenzo de la Carrera, 17 36300 Baiona (Pontevedra) Telf.: 986 385 050 Fax: 986 357 474
www.baiona.org